

MATERIA
Acción Socioeducativa nas Discapacidades

unidade
didáctica
9


TITULACIÓN
Grao en Educación Social

Problemáticas na familia da persoa con discapacidade

Bibiana Regueiro
Patricia Alonso-Ruido

Área de Didáctica e Organización Escolar
Departamento de Pedagogía e Didáctica
Facultade de Ciencias da Educación

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2021

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC

usc.gal/publicacions

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788418445927>

MATERIA: Acción Socioeducativa nas Discapacidades

TITULACIÓN: Grao en Educación Social

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

BLOQUE 1. DISCAPACIDADE: CONCEPTUALIZACIÓN E CARACTERÍSTICAS

Unidade 1. Modelos, clasificacións e situación da discapacidade

Unidade 2. Trastornos e discapacidade

BLOQUE 2. O EDUCADOR SOCIAL E A DISCAPACIDADE

Unidade 3. A intervención do educador social non ámbito da discapacidade

BLOQUE 3. DISCAPACIDADE E CONTEXTOS DE INTERVENCIÓN: SOCIO-COMUNITARIO, FAMILIAR, ESCOLAR E SOCIO-LABORAL

Unidade 4. Afectividade e sexualidade das persoas con discapacidade

Unidade 5. Emprego e inserción sociolaboral das persoas con discapacidade

Unidade 6. Atención educativa ás persoas con discapacidade

Unidade 7. Benestar psicolóxico e calidade de vida

Unidade 8. Lecer e tempo libre na discapacidade

Unidade 9. Problemáticas na familia da persoa con discapacidade

Introdución

Papel das familias nas persoas con capacidades diversas

Os vínculos familiares e os seus conflitos

A avaliación e intervención do e da Educadora Social

A incapacitación e institucións de garda e protección

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

COMPETENCIAS

Competencias básicas e xerais:

Competencias transversais:

Competencias específicas:

OBJECTIVOS

METODOLOXÍA

1. Actividades propostas

CONTIDOS

1. Introducción
2. O Papel das familias nas persoas con capacidades diversas
3. Os vínculos familiares e os seus conflitos
4. A avaliación e intervención do e da Educadora Social
5. A incapacitación e institucións de garda e protección

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

BIBLIOGRAFÍA

ANEXOS

PRESENTACIÓN

A figura profesional do educador e da educadora social é especialmente importante no campo das discapacidades. Dentro da materia *Acción Socioeducativa nas Discapacidades*, a presente unidade didáctica céntrase nas distintas problemáticas que poden darse na familia dunha persoa con diversidade funcional.

A familia constitúe un sistema aberto, cunhas funcións e tarefas básicas que favorecen o desenvolvemento da socialización dos seus membros (Fernández-Jiménez, 1999). Ademais, no caso das persoas con capacidades diversas a familia é o primeiro e máis importante elemento de acollida.

Se ben sufriu considerables cambios ao longo do tempo, a familia segue sendo unha das principais vías de integración para estas persoas. É polo tanto fundamental que o educador social saiba como intervir no caso de que se presenten dificultades no seo da mesma, pois sabemos que a familia que ten un membro con discapacidade afronta unha crise mobilizada a partires do momento da sospeita e posterior confirmación do diagnóstico.

COMPETENCIAS

As competencias da materia de Acción Socioeducativa nas Discapacidades que se traballan nesta unidade didáctica son as seguintes:

Competencias básicas e xerais:

CG4 - Promover e desenvolver accións educativas ou socioeducativas en diferentes contextos institucionais e comunitarios, no traballo directo con persoas e colectivos, así como no asesoramento, mediación, xestión, organización, coordinación, acompañamento e avaliación das iniciativas nas que interveñan.

Competencias transversais:

CT1 - Expresarse e comunicarse facendo uso de diferentes códigos e recursos lingüísticos, materiais e tecnolóxicos.

Competencias específicas:

CE1.3 - Avaliar as circunstancias persoais, institucionais e sociais que constitúen ao ser humano como protagonista da educación e das súas prácticas profesionais, desde a infancia ata a vellez.

CE2.2 - Promover e desenvolver actuacións educativas orientadas a dinamizar a participación das persoas na sociedade, minimizando as situacións de risco ou dependencia e maximizando os seus potenciais de inclusión e autonomía.

Terá un especial significado neste logro a atención á diversidade, á igualdade de xénero, aos valores da cultura de paz e á sustentabilidade.

CE2.3 - Facer uso de estratexias, procedementos, medios, técnicas, métodos, etc. que posibiliten unha intervención educativa directa con persoas e colectivos afectados por distintas problemáticas ou circunstancias sociais.

OBXECTIVOS

Ao rematar esta unidade didáctica o alumnado debería ser capaz de acadar os **obxectivos xerais** que se citan a continuación:

- Tomar conciencia do papel que como Educadores Sociais deben desempeñar na intervención socioeducativa de persoas con diversidade funcional e as súas familias.
- Crear un espazo de reflexión que permita tomar conciencia das necesidades persoais, educativas e sociais, etc. que se derivan das diferentes situacións vinculadas a persoas con diversidade funcional.
- Afondar nunha reflexión sobre a diversidade funcional que xere unha actitude de cambio social a través do pensamento crítico.

Ademais, esta unidade persegue os seguintes **obxectivos específicos**:

Obxectivos referidos ao saber:

- Adquirir os elementos conceptuais e metodolóxicos necesarios para o desenvolvemento para traballar dentro de contextos familiares con membros con diversas capacidades.
- Coñecer de forma tanto teórica como práctica os conceptos claves relacionados coa familia e coas súas características.

Obxectivos referidos ao saber facer:

- Analizar o impacto funcional e de reorganización familiar que provoca a existencia de un membro con discapacidade.
- Ser capaz de analizar as necesidades provocadas pola existencia dun membro con discapacidade no ámbito familiar.
- Saber analizar o contexto familiar a partir dos distintos modelos teóricos e identificar as distintas problemáticas que se poidan dar.
- Ser capaz de detectar as necesidades e situacións de risco no contexto familiar.
- Ser capaz de implicar activamente as persoas e os grupos destinatarios na elaboración, desenvolvemento e avaliación das estratexias de intervención en familias con fillos e fillas con capacidades diversas.

Obxectivos referidos ao saber ser:

- Valorar as repercusións que ten o feito de padecer algunha discapacidade.

- Adoptar unha perspectiva ampla do individuo e a familia cunha orientación ecolóxica e sistémica.
- Ser capaz de analizar e avaliar as necesidades familiares dunha maneira crítica e reflexiva.
- Ser capaz de coñecer e traducir os principios éticos e morais sobre individuos, familias e grupos no que existan situacións de discapacidade.
- Ser capaz de adquirir un compromiso deontolóxico en relación coa intervención familiar.

METODOLOXÍA

O proceso de ensino-aprendizaxe que se propón toma en consideración as formulacións do proceso de Boloña e a súa orientación cara a unha aprendizaxe autónoma, centrada no alumno ou alumna e nas competencias, destacando o papel activo que o alumnado debe xogar non seu proceso de aprendizaxe.

Desde esta perspectiva, a metodoloxía fundaméntase na combinación de diversos procedementos que se concretan basicamente en sesións expositivas, nas que se expoñen contidos de natureza teórico-conceptual, e sesións interactivas nas que se poderán utilizar estratexias diversas como:

- Debates para expor puntos de vista, individual e/ou en grupo, sobre aspectos diversos da materia.
- Estudo de casos/análises de situacións.
- Entrevistas

Na realización das prácticas e traballos teranse en conta as normas APA- Publication Manual of the American Psychological Association (APA) 7ª ed.

O Consello de Goberno da USC de 25/03/2010 aprobou a Normativa de asistencia á clase nos ensinos adaptados ao EEES. É necesario lembrar que a USC é unha universidade presencial, polo que a asistencia a un mínimo do 80 % das sesións de clase é obrigatoria. Nos casos contemplados na normativa da USC, o alumnado poderá solicitar dispensa de docencia.

O Campus Virtual empregarase como un complemento docente ás sesións presenciais, así como un instrumento de titorización e de intercambio de ideas co alumnado. A través desta plataforma, ademais de contar co material empregado nas clases expositivas e interactivas, o alumnado terá á súa disposición material complementario de interese para unha mellor asimilación e afondamento nos contidos da materia. Asemade, promoverase o emprego do foro para a consulta de dúbidas, comentarios e debates sobre temas vinculados á materia.

Así, utilizarase unha contorna formativa en rede (ferramentas institucionais) polo que é necesario que cada alumna e alumno teña activo o seu correo electrónico institucional da USC (imprescindible ao comezo da materia).

1. Actividades propostas

Nas clases expositivas levarase a cabo unha presentación na aula dos conceptos fundamentais e desenvolvemento dos contidos da materia motivando ao alumnado á reflexión e facilitándolle o descubrimento das relacións entre diversos conceptos e formarlle unha mentalidade crítica.

Nas clases interactivas desenvolveranse actividades a través das cales se pretende mostrar ao alumnado como debe actuar a partir da aplicación dos coñecementos adquiridos, enfocados cara á adquisición específica de habilidades instrumentais. Para iso nesta unidade didáctica dedicaráselle unha sesión interactiva, na cal o alumnado deberá traer lido o mito grego de Hefesto —tamén chamado Vulcano— de Willis (1996) (ver Anexo). Abrirase a sesión remuíño de ideas sobre este mito e continuarase a sesión analizando as seguintes afirmacións, considerándoas verdadeiras ou falsas: (a) *Os irmáns non herdán a responsabilidade dos pais sobre o fillo ou filla con discapacidade* e (b) *Como pais e nais preocupámonos saber que vai a ser dos nosos fillos e fillas con capacidades diversas cando nós non esteamos e agoniámonos por iso.*

Tras este breve comezo asistirá á clase unha nai e un pai cun fillo cunha diversidade funcional co fin de que cada un dos alumnos por grupos lle poida facer unha breve entrevista. Nesta mesma entrevista, e de forma conxunta o alumnado debe preguntarlle varios dos ítem da “Escala de calidade de vida familiar” (Verdugo, Rodríguez y Sainz, 2009) (ver Anexo). Posteriormente analizaranse os resultados obtidos na entrevista e concretamente nesa escala.

CONTIDOS

1. Introducción

No traballo coa familia da persoa con discapacidade identifícanse varias situacións e momentos segundo as condicións persoais, o momento evolutivo e a formación. Porén, todas as familias viven un proceso de asimilación, busca, aceptación de apoio e adaptación á situación (Rodríguez e Verdugo, 2011).

Calquera familia que coñece a existencia dunha discapacidade pode sobrevivir un estado de *shock*. A partir dese momento, tal e como indica Fernández-Jiménez (2019), a familia tenta recompilar información sobre o diagnóstico recibido e comezan as dificultades: procura incesante de información, falsas expectativas, crises de parella, culpa ou medo ao que dirán. Nesta etapa, como nas sucesivas, será esencial a mediación de distintos profesionais como os Educadores Sociais.

Suárez (2011) diferencia dentro do proceso de intervención familiar tres fases: información ás familias, diagnóstico e intervención.

Na **etapa de información**, e baixo un clima de confianza e respecto, téntanse determinar as expectativas e compromiso familiar para continuar coas fases seguintes.

A **etapa diagnóstica** posibilita comprender a situación da familia respecto á persoa con discapacidade. Para logralo, é fundamental que o profesional reúna información sobre aspectos tales como características da familia (estrutura, tamaño, estereotipos sobre a discapacidade, etc.), recursos ou motivación da familia. Evidentemente será crucial nesta etapa recoller a máxima información sobre o problema que se expón, insistindo en realizar unha detallada descrición da situación. Cando a crise acontece a nivel dunha familia implica un desequilibrio ou perturbación con numerosos efectos. As crises evolutivas nas familias podémolas relacionar coa pasaxe dunha etapa do ciclo vital familiar a outro: a formación da parella, o nacemento do fillo, a súa entrada ao colexio, a adolescencia, a chamada “idade media da vida”, envellecemento dos pais e outras. En canto ás crises accidentais ou circunstanciais que poden sufrir as familias, estas caracterízanse porque teñen un carácter urxente, imprevisto, inesperado —por exemplo, a morte súbita dun dos integrantes da familia—. Poderíamos encadrar dentro destas crises aquelas que se desencadean a partir da confirmación do diagnóstico do fillo ou filla. Esta crise produce unha forte tensión en todos os integrantes da familia. Está expresada polos pais e nais en frases como as seguintes: “foi como un terremoto”, “é coma se unha bomba nos caese encima”, “véuseme o mundo abaixo”, etc. Todos os pais e nais, máis aló dos temores presentes durante o embarazo, teñen expectativas dun fillo normal, san e sen problemas. Porén, xa desde o momento do embarazo na cabeza de cada futuro pai e nai vaise armando o esbozo do fillo ideal que colmaría todas estas expectativas parentais. Con todo, este fillo ou filla ideal nunca chega a nacer. A filla real nunca é a filla soñada. E canto maior sexa a distancia entre a representación ideal do fillo ou filla e o fillo real, maior será tamén o esforzo e traballo que lle demandará a situación á parella parental.

Por outra banda, en toda crise será indispensable a elaboración de duelos, os cales pasan por catro fases (esta sucesión de fases pode variar en canto ao tempo de duración e a intensidade das súas fases; pode faltar algunha delas ou alterarse a orde en que se presentan, etc.): a) fase de embotamento da sensibilidade, b) fase de anhelo e procura da figura perdida, c) fase de desesperanza e desorganización e d) fase de reorganización.

Por último, a **intervención** pode estar dirixida ao ensino e adestramento de habilidades de autocoidado (vestido, aseo, etc.) ou ben enfocada á modificación de condutas ou situacións problema.

2. O papel das familias nas persoas con capacidades diversas

Tal e como se indicou anteriormente, a familia cumpre unha serie de funcións primordiais na vida dunha persoa con discapacidade (Suárez-Riveiro, 2011), entre as que destacan as seguintes:

- Soporte, apoio e coidado: a familia constitúese na rede de benestar real para as devanditas persoas, proporcionando apoio e soporte en situacións

e momentos de risco para os seus membros, como sucede cando nun deles se produce unha discapacidade. Dita atención, tamén denominada “apoio informal”, adóitase prestar diariamente e diríxese a aspectos como a alimentación, a hixiene, as compras e o transporte. Cando a persoa con discapacidade é menor ou cando non pode, a familia tamén é a encargada de tomar decisións fundamentais para a súa vida.

- Contexto de desenvolvemento da persoa: a familia é habitualmente o lugar no que a persoa con discapacidade se desenvolve e obtén unha gran diversidade de aprendizaxes e estímulos tanto a nivel afectivo, como físico, intelectual e social.
- Canaliza a integración social do individuo: na contorna familiar apréndense as primeiras competencias sociais e un modelo de comportamento que servirá ao individuo tanto para establecer relacións e lazos afectivos como para afrontar as situacións de conflito e problemas que xorden ao longo da vida.
- Ámbito de expresión da afectividade: unha das funcións máis importantes da familia é a de proporcionar agarimo e estima aos seus membros. Esta función é fundamental para o autoconcepto e autoestima do individuo.
- Ámbito de control da conduta e de establecemento da disciplina: a familia, xunto coa escola, ten como unha das súas funcións socializadoras máis importantes o control da conduta e o establecemento dunhas normas e da disciplina. As influencias dentro da familia non se producen unicamente de forma unidireccional, é dicir, da familia ou o coidador cara á persoa con discapacidade, senón que os procesos son interactivos. Todo o que lle suceda a un dos seus membros pode repercutir nos demais membros da familia. Considérase á familia desde a teoría sistémica, segundo a cal a familia constitúe un sistema aberto que interacciona coa súa contorna e dentro do que á súa vez interaccionan os distintos subsistemas que a integran, pasando por distintas etapas.

3. Os vínculos familiares e os seus conflitos

Os conflitos non xorden a nivel familiar como consecuencia directa da discapacidade, senón en función das posibilidades da familia de implementar ou non recursos para adaptarse a esta situación. En todo caso, segundo Núñez (2003), as situacións de conflito varían en función do vínculo conxugal, do vínculo paterno-filial e do vínculo fraterno. Non obstante, tal e como aparecen recollidos na seguinte táboa existen certos indicadores de risco aos que se debe atender.

Táboa 1. Indicadores de risco segundo Núñez (2003)

Indicadores de risco	
Vínculo paterno/materno-filial	<p>Relación estreita nai-fillo. O fillo é patrimonio materno. Queda ocupando o lugar de neno eterno. Dificultade de entrada nunha relación triangular. Déficit de función paterna de interdicción.</p>
	<p>Nai aferrada a ideoloxía do sacrificio, postergación sacrificada dela como muller, esposa, nai dos outros fillos, en función da dedicación exclusiva a este fillo.</p>
	<p>Nai atrapada na función de reeducadora do fillo Predominio de sentimentos de culpa paterna. Pais debedores-fillo acreedor.</p>
	<p>Fillo debedor-pais acredores. Pais demasiado demandantes, fillo sobreesixido.</p>
	<p>Predominio de desesperanza. Ausencia de demandas ao neno. Non se desenvolven as súas potencialidades</p>
	<p>Negación e idealización do dano. Os pais, os “elixidos de Deus”; o fillo, “un agasallo do ceo”.</p>
	<p>Anúlense as diferenzas. Identificación dos pais e irmáns coa discapacidade do neno. Entorpecemento de logros propios evitando que se marquen as diferenzas.</p>
	<p>Remárcanse as diferenzas. Escisión: sans-enfermos. O neno discapacitado é depositario de discapacidades e limitacións do resto da familia.</p>
	<p>Vinculación co fillo só desde a parte danada sen recoñecemento dos seus aspectos sans. Os pais atrapados na etiqueta diagnóstica. Asumen un rol de reeducadores tomado como única expresión da súa función parental. Isto acompaña-se de ausencia de actividades gratificantes e recreativas. Falta a actividade lúdica a nivel vincular.</p>
	<p>Dificultade paterna para asumir a disciplina e a posta de límites, acompaña-se de maior frecuencia de anoxos, caprichos e rabechas do fillo. Contrasta con abruptas reaccións agresivas paternas xeradoras de culpa.</p>
Co outro fillo/a	<p>Desinterese e desvinculación motivada polo tempo e enerxías dedicadas ao discapacitado.</p>
	<p>Non se lle ofrecen espazos propios e momentos de atención exclusiva</p>
	<p>Fanse recaer nel moitas esixencias e normativas, espérase que comprenda e ceda ante os reclamos do irmán</p>
	<p>Cárgano de exceso de responsabilidades en relación coa idade cronolóxica. Preséntase como demasiado “maduro”, sobreadaptado.</p>
	<p>Sobreprotéxeno, exímeno de toda responsabilidade en relación co irmán. A consecuencia: falta de estímulo do vínculo fraterno.</p>

Indicadores de risco		
Vínculo paterno/materno-filial	Co outro fillo/a	Deposítanlle exceso de expectativas de logros, deben compensar insatisfaccións do irmán.
		Ofrécenselle poucas oportunidades de logros e de desenvolvemento de potencialidades a fin de diminuír as diferenzas co irmán.
		Retéñeno a nivel do grupo familiar, evítase que manteña vínculos fóra da familia.
Indicadores de risco en relación coas características dos servizos	Escasas necesidades do neno ou nena.	
	Servizo inadecuados a estas necesidades.	
	Falta de traballo coordinado entre os servizos intervinientes.	
	Desacordos, rivalidades, indicacións contraditorias entre os diferentes servizos.	
	Distancia excesiva do domicilio.	
	Gran demanda económica á familia.	
	Enfoque concéntrico da discapacidade: só son tidas en conta as necesidades do neno, con descoñecemento das doutros membros da familia.	
Profesionais con actitude de “donos de saber” (expertos, posuidores de todo o poder) con descoñecemento do saber dos pais, que quedan ocupando un lugar pasivo-dependente		
Servizos usados como depósitos por parte da familia.		

Soster estas familias é unha tarefa de todos (e sobre todo do educador social) necesaria para que á súa vez elas poidan apoiar e soste o desenvolvemento emocional e psíquico dese membro diferente.

4. A avaliación e intervención do e da Educadora Social

O grao de afectación da vida familiar, profesional e social das familias que contan cun integrante con discapacidade debe ser avaliado dunha forma sucinta, para planificar accións que permitan unha intervención integral (Verdugo, 2004).

O obxectivo da intervención no seu fin último é conseguir que as familias sexan máis eficaces e capaces de asumir durante un período prolongado de tempo o coidado responsable do seu familiar, facilitando a súa adaptación, reducindo a súa vulnerabilidade, potenciando os seus recursos e detectando casos que requiran atención especializada (Guevara e González, 2012). É por iso polo que xoga un papel importante a calidade de vida dos familiares. Tal e como indica Verdugo (2004) é necesario analizar as distintas transformacións que se dan no contexto familiar e xerar servizos de apoio á familia nas diferentes fases de evolución do individuo con capacidades diversas, sendo o obxecto de atención a propia familia (Verdugo, 2004). Neste sentido, segundo Guevara e González (2012), as variables ás cales se debe atender son as seguintes: integración da persoa na vida familiar, adaptación cognitiva, tensión familiar, actitudes, adaptación á saúde e enfermidade, etc.

En canto á intervención, o traballo coas familias consiste fundamentalmente en proporcionarlles recursos para poder tomar decisións satisfactorias que lles permitan mellorar a calidade de vida non só do membro con discapacidade, senón tamén da familia no seu conxunto. Un dos factores que as familias recoñecen que lles achega maior satisfacción, e por tanto ten un potencial de maior impacto na súa calidade de vida, é xustamente unha boa relación entre eles e os profesionais.

5. A incapacitación e institucións de garda e protección

A incapacitación é o mecanismo xurídico previsto para aqueles casos nos que enfermidades ou deficiencias persistentes de carácter físico ou psíquico impiden a unha persoa gobernarse por si mesma, tendo como obxectivo a protección dos intereses e dereitos da persoa.

En canto ás institucións de garda e protección están a tutela, a curadoría e o defensor xudicial. A tutela trátase unha institución xurídica que ten por obxecto a garda e protección da persoa e dos seus bens. A tutela é consecuencia dun proceso de incapacitación, na que se establece e se constitúe como un deber que se exerce en beneficio do tutelado, sempre baixo a supervisión da autoridade xudicial. En canto á curadoría, esta institución ten como obxectivo o de asistir a unha determinada persoa, pero a diferenza da anterior unicamente nos actos ou negocios que dita persoa non poida realizar por si mesma e que a lei ou a sentenza contemple.

O defensor xudicial é unha persoa que é nomeada xudicialmente para asumir, de forma temporal e para determinados actos, a representación e defensa dos intereses dos incapacitados ou dos menores de idade, cando a persoa que debería de facelo non o fai.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

A avaliación global dos coñecementos teórico-conceptuais desta unidade didáctica realizarase de forma conxunta cos das restantes unidades didácticas que conforman o programa xeral da materia e terá un peso do 10 % respecto do total.

Deste xeito, avalíase segundo o sistema de avaliación continua en tres momentos temporais: inicial, procesual e final. A continuación, detállase cada un deles:

- Ao inicio da unidade didáctica realizaranse unha serie de afirmacións sobre as que manifestarán e xustificarán o seu acordo ou discrepancia a modo de debate.
- A avaliación procesual ten lugar ao longo de toda a unidade didáctica. Ao remate de cada sesión interactiva o alumnado, de modo individual ou en grupo segundo o caso, entregará os resultados do seu traballo. Os resultados destas probas avaliaranse mediante unha lista de cotexo tendo en conta o grao en que o alumnado é capaz de aplicar os conceptos e teorías aprendidos nas clases, a capacidade de desenvolver unha postura teórica propia e de analizar e razoar criticamente os supostos, textos ou documentos propostos así como os criterios delimitados en cada actividade.

- Por último, a avaliación final realízase unha vez rematada a materia mediante unha proba obxectiva tipo test de selección múltiple, para valorar o grao de cumprimento dos obxectivos e de adquisición de coñecementos e capacidades por parte do alumnado.

No sistema de avaliación continua, a cualificación é o resultado de sumar a puntuación obtida nas preguntas do exame referidas a esta unidade e a valoración obtida nas actividades interactivas. Debe indicarse que na valoración global da materia o peso do exame final representa o 50 % da cualificación e as actividades interactivas o 40 %.

BIBLIOGRAFÍA

A continuación, preséntase o conxunto de referencias que pode servir para a preparación dos contidos da presente unidade didáctica. Esta listaxe poderá ser ampliada e adaptada ao logo do curso en base ás necesidades específicas do alumnado:

- FERNÁNDEZ, C. (2019). *Capacidades Diversas y Educación Social*. Pirámide.
- GUEVARA, Y. E GONZÁLEZ, E. (2012). *Las familias ante la discapacidad*. Revista Electrónica de Psicología Iztacala, 15, (3), 1023-1050.
- Núñez, B. (2003). *La familia con un hijo con discapacidad: sus conflictos vinculares*. *Archivos argentinos de pediatría*, 101(2), 133-142.
- PEÑAFIEL, F. (2012). *Planteamiento inclusivo de la participación de la familia en contextos de intervención con alumnos con discapacidad*. Revista de Educación Inclusiva, 5(2), págs. 117-127.
- SARTO, M. P. (2001). Familia y discapacidad. III Congreso “La Atención a la Diversidad en el Sistema Educativo”. Universidad de Salamanca. Instituto Universitario de Integración en la Comunidad (INICO). Recuperado de <http://ardilladigital.com/DOCUMENTOS/CALIDAD%20DE%20VIDA/FAMILIA/Familia%20y%20discapacidad%20-%20Maria%20Pilar%20Sarto%20-%20articulo.pdf>
- SUÁREZ-RIVEIRO, J. M. (2011). *Discapacidad y contextos de intervención*. Dykinson
- Verdugo, M. A. (2004). *Calidad de vida y calidad de vida familiar*. Recuperado el 28 de Noviembre de 2011, de <http://www.pasoapaso.com.ve/CMS/images/stories/Integracion/cdvfverdugo.pdf>
- VERDUGO, M.A., RODRÍGUEZ, A. Y SAINZ, F. (2009). *Escala de calidad de vida familiar*. Salamanca: INICO. (Adaptación de la Family Quality of Life Survey, realizada por el Beach Center on Disability en 2003).

ANEXOS

El mito de Hefesto

Hefesto es un dios del Olimpo que nace con un defecto, es cojo. No es uno de los grandes dioses olímpicos ya que no cumple con el ideal de belleza y perfección de la divinidad griega. En una de las versiones que existen sobre este dios, es a consecuencia de su defecto que la madre Hera lo desechó y abandonó arrojándolo del Olimpo. Pudo sobrevivir ya que lo criaron Tetis y Eurínome.

El propio Hefesto en un canto de la *Ilíada* relata del siguiente modo el rechazo de que fue objeto por su madre y el resentimiento hacia ella: “Ella (refiriéndose a Tetis) fue quien me salvó cuando el sufrimiento me destrozaba, caído a lo lejos.

Ésa era la voluntad de mi madre que quería ocultarme porque era cojo. Entonces habría sufrido en mi corazón pesados dolores si Eurínome y Testis no me hubieran recibido en su seno.”.


Hefesto se transformó en el dios de fuego y con su fragua fabricó objetos fuertes y hermosos. O sea, se entregó a trabajar con las manos, a cincelar joyas, a trabajar el

hierro o el bronce. Fue él quien fabricó el escudo de Aquiles; era el obrero del cetro de Agamenón y del broquel de Diomedes. Era un dios artesano de vigorosos brazos que aprendió el arte de la herrería y la orfebrería. Toda la fuerza de Hefesto la tuvo en las manos, en los brazos, en la parte superior del cuerpo.

En la *Ilíada* este dios es hijo de Zeus y Hera, pero es un dios inferior con defectos, es como si diera a entender que los hijos de esposos que no se aman no pueden tener las cualidades de los hijos del amor.

En la *Teogonía* es un hijo solamente de Hera. Es un hijo de la cólera y del odio de Hera contra Zeus ya que su marido había concebido solo a Atenea (su hija preferida), que salió completamente armada de cráneo de Zeus. Ante este hecho Hera concibió sola a Hefesto, sin unión de amor, por cólera y desafío lanzado al esposo. (Nuñez, 2007).

Escala de calidad de vida familiar





Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA